



Concello da Coruña

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B GCS	Documento 1051910GMV	Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/7564/2025 24/04/2025
Código de verificación  5Z4B 0M2Q 3E4V 5W1J 0ZYK	Expediente 105/2024/8193 Fecha 24-04-2025	

RESOLUCIÓN: AMPLIACIÓN DO CRÉDITO DESTINADO Á CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DE AXUDAS DESTINADAS A APOIAR O TRANSPORTE EN TAXI DE PERSONAS CON DISCAPACIDADE (BONO-TAXI) DO CONCELLO DA CORUÑA PARA O ANO 2025.

A concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, ditou resolución de data 11/12/2024 (RES/AYT/24259/2024) na que resolveu o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar, de forma anticipada, a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025 (tamén denominadas "Bono-Taxi") no marco da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos públicos, cuxo texto integro foi publicado no BOP da Coruña nº 156 de data 16/08/2024, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de 125.000,00 euros.

SEGUNDO.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade (bono-taxi) do concello da Coruña para o ano 2025, que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 3K2N 2A3M 1F3B 3Z5B 0COB na súa versión en castelán y 3110 3W6K 666K 2E4P 05TB na súa versión en galego.

TERCEIRO.- Reter crédito polo importe de 125.000,00€, na aplicación 51.231.480.06 do orzamento municipal, segundo os períodos e exercicios orzamentarios que se indican:

Obxecto	Período mensual de imputación do gasto do ano natural 2025	Exercicio económico-orzamentario	Importe da Retención de Crédito
Convocatoria Bono taxi 2025 (Tramitación anticipada)	De xaneiro ata novembro do ano 2025 (01/01/2025 ata 30/11/2025)	2025	84.500,00 euros
	En decembro do ano 2025 (01/12/2025 ata 31/12/2025)	2026	40.500,00 euros
Importe total obxecto convocatoria Bono Taxi 2025:			125.000,00 euros

CUARTO.- Realizar os trámites precisos para publicar a convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña, na sede electrónica do Concello da Coruña e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

QUINTO.- Encomendar ao Servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento deste expediente.

O presente acordo pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-



Concello da Coruña

administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

No BOP núm. 70 , de data 11/04/2025, publicouse a aprobación definitiva do Orzamento Xeral do Concello da Coruña para o exercicio 2025. No orzamento aprobado para o exercicio 2025, a aplicación 51.231.480.06 dótese cun crédito de 166.500,00 euros.

Á devandita aplicación é necesario imputar os seguintes gastos e retencións de créditos derivados da presente convocatoria de bono taxi do exercicio 2025 así como os importes das facturas derivadas tanto da convocatoria ordinaria do exercicio 2024 (aprobada por resolución da Concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 15/12/2023 (RES/AYT/25504/2023)) así como da convocatoria extraordinaria de bono taxi do exercicio 2024, (aprobada por resolución da Concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 03/10/2024 (RES/AYT/18440/2024)).

ANUALIDADE	IMPORTE
Crédito inicial na aplicación 51.231.480.06 no orzamento aprobado para o exercicio 2025	166.500,00 €
Crédito retido para a convocatoria Bono taxi 2025	84.500,00 €
Crédito retido para a convocatoria ordinaria de Bono taxi 2024	30.000,00 €
Crédito retido para a convocatoria extraordinaria de Bono taxi 2024	10.500,00 €

Ademais, das retencións de créditos sinaladas no cadro anterior, é necesario efectuar un reaxuste das anualidades das convocatorias anteriores incrementadas en 12.118,01 €.

Tendo en contacto as cantidades indicadas, quedan dispoñibles 29.381,99 € na aplicación 51.231.480.06 a para ampliar o crédito da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025.

Tendo en conta o crédito existente no orzamento do exercicio 2025, pódese incrementar o crédito da convocatoria nos seguintes importes:

	Importe inicial aprobado resolución 11/12/2024	Proposta de incremento	Contía final da convocatoria 2025
Anualidade 2025	84.500,00 euros	19.566,67 €	104.066,67 €
Anualidade 2026	40.500,00 euros	9.783,33 €	50.283,33 €
Total convocatoria	125.000,00 euros	29.350,00 €	154.350,00 €

Consta no expediente o informe emitido pola Dirección de Recursos Económicos e Dixitalización (AP2024.102 con CSV 6S2K 2F1Q 3R61 4Z2A 18BS) atendendo á natureza plurianual da ampliación proposta.

Tendo en conta todo o exposto con anterioridade, e de conformidade co previsto no apartado 4.4 da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025 aprobadas pola concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, , de data 11/12/2024 (RES/AYT/24259/2024), por delegación da Xunta de Goberno Local (Acordo 04/07/2024, BOP núm. 129 do 05/07/2024), que se outorga a concelleira delegada a competencia para a xestión e actos derivados da convocatoria,



Concello da Coruña

RESOLVIN:

PRIMEIRO: Ampliar a convocatoria de concesión de axudas para o pagamento de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025 aprobado pola concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local o 11/12/2024 nun importe de 29.350,00 €, que se imputarán á aplicación 51.231.48006 coa seguinte distribución:

- 19.566,67 euros na anualidade 2025.
- 9.783,33 euros na anualidade 2026.

Con esta modificación a convocatoria terá un importe total de 154.350 euros: 104.066,67 euros na anualidade 2025 e 50.283,33 euros na anualidade 2026.

SEGUNDO: Reter crédito por importe de 19.566,67 € na aplicación 51.231.480.06 da anualidade 2025.

TERCEIRO: Subordinar o incremento de gasto da convocatoria na anualidade 2026 a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal deste exercicio.

CUARTO: Dar conta da presente resolución á Intervención Municipal ós efectos da súa comunicación á Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

A Xunta de Goberno Local PD

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, Participación e Igualdade